



## **BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “BRAÑAS DO ILLO-RÍO SAMO”**

O obradoiro de emprego **Brañas do Illo\_Río Samo** é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e cofinanciado polo Ministerio de Trabalo, Migracións y Seguridade Social, e promovido polos **Concellos de Ordes conveniados cos concellos de Frades e Mesía**.

A/s especialidade/s a impartir é/son a/s seguintes:

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes - AGAR0309
- Repoboación forestais e tratamentos silvícolas - AGAR0208

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Ordes: 10 alumnos/as
- Concello de Frades: 5 alumnos/as
- Concello de Mesía: 5 alumnos/as

As actuacións a realizar son as seguintes:

1. Repoboación forestal na área de esparcemento no Parque Empresarial de Merelle , Ordes.
2. Acondicionamento e conservación da parcela P85 do Parque Empresarial de Merelle, Ordes
3. Labores de mantemento do Parque Félix Rodríguez de La Fuente, Ordes
4. Labores de mantemento da rúa Nova, Ordes.
5. Labores de mantemento da Praza do Campo da Feira, Ordes.
6. Labores de conservación no Colexio Castelao, Ordes.
7. Labores de conservación no Colexio Campomaior, Ordes.
8. Labores de mantemento, conservación e reforestación da área de Adina, Ordes.
9. Labores de mantemento e conservación do campo da festa de Parada, Ordes.
10. Labores de mantemento e conservación no entorno da capela de San Pedro de Adrán, Ordes.
11. Labores de mantemento e conservación no entorno dos Marchás, Ordes.
12. Acondicionamento, mantemento e reforestación das parcelas do antigo campo de fútbol de Barbeiros, Ordes.
13. Labores de conservación e repoboación forestal na finca O Carballal, Frades.
14. Labores de mantemento e conservación na parcela do campo de fútbol de Vitre, Frades.
15. Labores de mantemento e conservación no punto limpo de Frades-Mesía, Frades.



16. Labores de mantemento e conservación da Ponte Carballa, Frades.
17. Labores de mantemento, conservación e recuperación de espazos degradados na finca Campoduro, Frades.
18. Repoboación forestal, roza e mantemento na finca Sanamil, Frades
19. Labores de mantemento e conservación da Praza de Ponte Carreira, Frades.
20. Labores de mantemento e conservación da área O Muíño de Céltigos, Frades.
21. Labores de mantemento e conservación dos Pasos de Aiazo, Frades.
22. Reforestación, roza e mantemento da finca Agasalla, Frades
23. Labores de mantemento e conservación da parcela da piscina municipal de Papucín, Frades.
24. Labores de mantemento e conservación da área do local social de Papucín, Frades.
25. Labores de mantemento e conservación da Praza de Albixoi, Mesía.
26. Labores de mantemento e conservación da Praza de Bascoi, Mesía.
27. Labores de mantemento e conservación da Praza de Boado, Mesía.
28. Labores de mantemento e conservación da Praza de Mesía, Mesía.
29. Labores de mantemento e conservación na área recreativa de Olas, Mesía.
30. Labores de mantemento e conservación da Praza de Visantoña, Mesía.
31. Labores de mantemento e conservación área deportiva do complexo deportivo de Xanceda, Mesía.
32. Labores de mantemento e conservación no viveiro municipal, Mesía.
33. Labores de mantemento e conservación da Praza de Cumbraos, Mesía.
34. Labores de mantemento e conservación na finca de Rivas, Mesía.
35. Labores de mantemento e conservación das Brañas do Vilar, Mesía.
36. Labores de mantemento e conservación das Brañas de Valga, Mesía.

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as (10 en cada especialidade)**. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa)
- **1 mestres de cada especialidade** (xornada completa)
- **1 mestre de formación complementaria (ensino básico/titor/xestión empresarial...)** (ao 50 % da xornada)
- **1 técnico administrativo** (xornada completa)

En vista da normativa exposta proponese un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

#### Grupo de traballo mixto:

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, dúas en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria



da Coruña e dúas en representación da entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas que actúan en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.**

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algúm dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 31/10/2018**, segundo se establece na Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm 97, do 23 de maio de 2018).

### Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

**Sistema de selección:** Oferta tipo T (Taller de emprego)

**Localidade:** Ámbito dos Concellos de Ordes, Frades e Mesía. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** 18 ou máis anos.

**Situación Laboral:** Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

**Criterios preferentes de selección:** O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 4 de maio de 2018, (DOG núm 97, do 23 de maio de 2018), segundo baremo que se xunta ( Anexo I ).

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumplir cos

requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. (art. 11.2 d).

O grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo mixto, e o mínimo será, se é posible, de 60 (*3 por praza*). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 320 ou 370** a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Tornos**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

A selección definitiva dos/as **20** alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo mixto que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

O grupo de traballo mixto poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

### **Procedemento selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:**

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Tornos, para logo proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requerido **se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.4).



O grupo de traballo mixto determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os Concellos de Ordes, Frades e Mesía, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores** e de ser necesario, a toda a provincia.

A oficina de emprego comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustifícan co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustifícan cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
  - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
  - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas.
  - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran os requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

#### DÚAS OPCIÓN A ELEXIR DEPENDENDO DO TEMPO DISPOÑIBLE:

##### A) DÚAS FASES

O grupo de traballo mixto valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta. A relación provisional das puntuacións outorgadas na primeira fase do proceso selectivo será exposta nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e da **oficina de emprego de Tornos e da oficina de emprego de Ordes** (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos), debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O grupo de traballo mixto citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo mixto. O grupo de traballo mixto levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas que se remitirán á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**).

##### B) UNHA FASE

Tendo en conta (especificar as razóns, p.e.: o tempo dispoñible dos membros do grupo de traballo, o seu calendario de vacacións, ..... ) este grupo de traballo decide que as fases de valoración de méritos e de entrevista persoal sexan realizadas nun único acto, pasando todos os candidatos/as a fase da entrevista, e polo tanto non prexudicando esta decisión a ningún deles.



**Publicacións e/ou notificacións:**

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Tornos e da oficina de emprego de Ordes, nos taboleiros de anuncios dos concellos de Ordes, Frades e Mesía, así como na páxina web do Concello de Ordes.

A coruña, 01 de outubre do 2018

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria:

Augusto M. Bacchin Tasende  
Coordinador da Área de ofertas  
na O.E. de Coruña-Tornos

Ana M<sup>a</sup> López Fernández  
Técnica na O.E. de Coruña-Tornos

Pola entidade promotora:

M<sup>a</sup> José Sesmonde Quinteiro  
ADL do Concello de Mesía

Yolanda Cela Villaverde  
ADL do Concello de Ordes

**BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A**

**FUNCIÓN:**

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concellos de **Ordes, Frades e Mesía**, as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co/a mestre/a de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao obradoiro (con inclusión das titulacións en grao).

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

### **VALORACIÓN DO CURRICULUM:**

#### **Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:**

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Máster, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.



### Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase únicamente en conta neste apartado o tempo que excede do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

### Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

### Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

### Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**.

### Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate



será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

## BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

### FUNCIONES:

As persoas candidatas seleccionadas encargaránse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se lleven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados 1 mestre por cada unha das 2 especialidades a xornada (xornada completa)

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumplir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

### REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no RD 682 do 13 de maio do 2011 que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de que se trate.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

### VALORACIÓN DO CURRICULUM:

**Titulación académica relacionada coa que se oferte a más axeitada ao obradoiro:**



- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións availables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

### Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

### Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

### Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

**Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

**A puntuación máxima** a obter por este apartado será de **ata 1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

**Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase **ata un máximo de 6 puntos**.

**Puntuación final :**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

**BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A E MESTRE/A DE ENSINO  
BÁSICO E TITOR DE XESTIÓN EMPRESARIAL**  
\*\*\*\*\***FUNCIÓN:**

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica. A persoa candidata seleccionada encargarase de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de iniciación á informática, e igualdade de xénero, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfis profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a a 50% da xornada

Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.

Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.



- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Nivel académico: Titulación universitaria (con inclusión das titulacións ao nivel de grao) relacionada coa materia e funcións a desenvolver.

Indicarase a titulación requirida na oferta de emprego, e a experiencia profesional mínima necesaria, se fora o caso (preferentemente relacionada coas materias a impartir)

### **VALORACIÓN DO CURRICULUM:**

#### **Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:**

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións availables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

#### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requerirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

#### **Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso

Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

**A puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

### **Cursos de formación:**

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

**A puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

### **Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

**A puntuación máxima** a obter por este apartado será de **ata 1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

### **Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**.

### **Puntuación final :**

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002.

### **BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HAI TÉCNICO ADMINISTRATIVO/A**

\*\*\*\*\*

### **FUNCIONES:**

O/A candidato/a seleccionado/a encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.



- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demás documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado a xornada completa.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación de **técnico/a en xestión administrativa ou técnico/a superior en administración y finanzas**.

Indicarse na oferta de emprego a titulación máis axeitada ao obradoiro é a experiencia profesional mínima se fora o caso.

### **VALORACIÓN DO CURRICULUM:**

#### **Titulación académica:**

Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: 0,50 punto

Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: 1 punto.

Título de bacharelato: 1,5 puntos

Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): 2 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións availables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

#### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.



No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

### Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

### Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de alta **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

### Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**.

### Puntuación final:

O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002.

ANEXO IBAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO**1.- MULLERES**

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.
- En xeral ..... 1 punto.

**2.- IDADE**

- ✓ 18 - 29 anos ..... 4 puntos.
- ✓ 30 - 44 anos ..... 1 punto.
- ✓ 45 ou máis ..... 3 puntos

**3.- DISCAPACIDADE**

- Minusvalía > 33 % ..... 1 pto.

**4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO**

- Perceptores de desemplego ..... 1 punto.
- Perceptores de subsidio / RAI / SED ..... 2 puntos.
- Non perceptores ..... 4 puntos.

**5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)**

- Menos de 12 meses ..... 1 punto.
- De 12 a 18 meses ..... 2 puntos.
- Máis de 18 meses ..... 4 puntos.

**6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)**

- Autónomos ..... 0 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 ..... 0 puntos.
- Grupo de cotización 8 ..... 1 puntos.
- Grupo de cotización 9 ..... 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 ..... 3 puntos.
- Sen emprego anterior ..... 4 puntos.



**7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL** (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

9. Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social ..... 1 punto.

**8.- FORMACIÓN ACADÉMICA**

- C) Ata graduado..... 3 puntos.  
D) Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos.  
E) Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 punto.

**9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA**  
(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuge, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros ..... 1 punto.
- Monoparental con fillo/s ..... 1 punto.

**10.- OUTROS**

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI)..... 2 puntos.

**11.- ENTREVISTA**

- Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de ..... 11 puntos.